

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

16832 *ORDE APA/3128/2005, do 30 de setembro, pola que se regula a intensidade lumínica dos focos dos buques e botes auxiliares dedicados á pesca de cerco no Mediterráneo. («BOE» 243, do 11-10-2005.)*

O Regulamento (CE) 1626/94, do 27 de xuño, do Consello, polo cal se establecen determinadas medidas técnicas de conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo, establece, no punto 2 do seu artigo 1, que os Estados membros ribeiregos poderán legislar no ámbito territorial de aplicación deste, incluso en materia de pesca non profesional, adoptando medidas complementarias de protección, sempre que estas sexan compatibles co dereito comunitario e conformes coa Política Pesqueira Común.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado establece entre os seus fins os de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros favorecendo o seu desenvolvemento sustentable e adoptar as medidas precisas para protexer, conservar e rexenerar os ditos recursos e os seus ecosistemas, adaptando o esforzo da frota á situación destes.

A normativa reguladora da modalidade de cerco encóntrase recollida no Real decreto 429/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira de cerco e na Orde APA/678/2004, do 5 de marzo, pola que se regula a pesca con artes de cerco no dito caladoiro.

A pesca de cerco está dirixida á captura de diferentes especies peláxicas. A captura dalgunha destas especies véñse realizando tradicionalmente no Mediterráneo por medio dun buque cerqueiro principal que utiliza como apoio unha ou máis embarcacións auxiliares provistas de luces, denominadas «botes de luz».

A intensidade lumínica dos focos dos «botes de luz» exerce un efecto de atracción nos cardumes, incidindo por tanto na capacidade de pesca dos buques e, en consecuencia, no esforzo pesqueiro desenvolvido sobre as especies obxectivo.

Por outra parte, a Orde do 1 de setembro de 1997 regula a intensidade lumínica destes focos. Non obstante, dado o tempo transcorrido desde a súa publicación e as innovacións de tipo técnico que apareceron neste tipo de práctica, faise aconsellable actualizar a mencionada orde, establecendo novas medidas complementarias.

De conformidade co establecido no artigo 1 do Regulamento (CE) 1626/94, cumpriuse o trámite de comunicación do proxecto á Comisión Europea.

Emitiu informe o Instituto Español de Oceanografía e efectuouse consulta previa ás comunidades autónomas afectadas e ao sector pesqueiro afectado.

Esta orde dítase en aplicación do establecido no artigo 7 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado. Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As normas contidas nesta orde serán de aplicación aos buques españois que exerzan a actividade pesqueira de cerco en todo o Caladoiro Nacional do Mediterráneo por fóra de augas interiores, en augas xurisdicionais españolas así como en alta mar.

Artigo 2. *Número máximo de botes auxiliares.*

Ningún buque cerqueiro poderá dispor de máis dun bote auxiliar.

Artigo 3. *Regulación da intensidade lumínica.*

O número máximo de lámpadas e portalámpadas do bote auxiliar de cada buque cerqueiro será de doce, cunha intensidade lumínica máxima de 500 watts por lámpada, de modo que en ningún momento se exceda dunha intensidade lumínica total de 6.000 watts.

Artigo 4. *Prohibición de determinados usos e distancias.*

Queda prohibida a utilización de focos submarinos, incluída a daqueles cuxa frecuencia de iluminación sexa de carácter intermitente. Excepcionalmente, en casos en que se utilice unha luz entre o barco nai e o bote auxiliar para impedir que saia o peixe do cerco no momento do izado da rede, cunha potencia inferior a 200 watts e con carácter intermitente.

Prohíbese o uso e a instalación de focos en cuberta e na superestrutura dos buques cerqueiros que poidan servir para a captación de cardumes de peixe.

Ningún bote auxiliar, tanto en navegación como nas faenas de pesca, poderá permanecer afastado máis de 0,5 millas do seu buque cerqueiro.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 1 de setembro de 1997, pola que se regula a intensidade lumínica dos focos dos botes auxiliares dos buques de cerco no Mediterráneo.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de setembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

16995 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 423/2005, do 18 de abril, polo que se fixan as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial, reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. («BOE» 246, do 14-10-2005.)*

Corrección de erros do Real decreto 423/2005, do 18 de abril, polo que se fixan as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial, reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Advertidos erros no Real decreto 423/2005, do 18 de abril, polo que se fixan as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial, reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, publicado no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 5 en lingua galega, do 2 de maio de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Nas páxinas 769, 770, 771 e 772, no anexo, o punto correspondente ás ensinanzas comúns de árabe publícase de novo ante os erros detectados:

«ÁRABE

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS

1. A ORACIÓN SIMPLE

1.1. Tipos de oración, elementos constituintes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa afirmativa.

1.1.1.1. Oración nominal afirmativa. الجملة الاسمية الإثباتية.

1.1.1.1.1. Noción de ser/estar : Sux. + Atrib. مبتدأ + خبر

1.1.1.1.2. Nocións de haber e ter: Atrib. + Sux. خبر + مبتدأ

1.1.1.2. Oración verbal afirmativa. الجملة الفعلية الإثباتية.

1.1.1.2.1. V. (+Sux.) (+O.D.) (+O.D.) (+C.C.). (مفعول فيه) (+ مفعول به) (+ مفعول/مفعولان به)

1.1.1.2.2. C.C. + V. (+ Sux.) (+O.D.) (+O.D.). (مفعول فيه) (+ فاعل) (+ مفعول/مفعولان به)

1.1.2. Oración declarativa negativa.

1.1.2.1. Oración nominal negativa. نفي الجملة الاسمية: ليس / لا

1.1.2.2. Oración verbal negativa. نفي الجملة الفعلية: لا ، لن ، لم ، ما

1.1.3. Oración interrogativa.

1.1.3.1. Oración interrogativa parcial. الاستفهام عن عنصر من عناصر الجملة.

1.1.3.1.1. Nominal.

1.1.3.1.2. Verbal.

1.1.3.2. Oración interrogativa total. الاستفهام عن مضمون الجملة: هل / أ

1.1.3.2.1. Oración interrogativa total enunciada en negativo. الاستفهام عن مضمون الجملة المنفية.

1.1.4. Oración exclamativa: vocativo e fórmulas exclamativas. ما / كم التعجب

1.1.5. Oración exhortativa / imperativa.

1.1.5.1. O imperativo. Negación do imperativo. الأمر والنهي

1.1.5.2. Fórmula: تعال

1.2. Fenómenos de concordancia entre os elementos da oración.

2. A ORACIÓN COMPOSTA

2.1. Expresión de relacións lóxicas

2.1.1. Conxunción: و، ف

2.1.2. Disxunción: أو، أم

2.1.3. Oposición e contraste: لكن، بل

2.1.4. Causa. Conectores: ف، لأن،

2.1.5. Finalidade. Conectores: كي، لكي، ل

2.1.6. Relacións temporais.

2.1.6.1. Anterioridade: قبل . Posterioridade: ثم، بعد . Simultaneidade: لما، عند

3. O SINTAGMA NOMINAL.

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Clases: propio e común (de unidade e colectivo).

3.1.1.2. Xénero: marcado, non marcado. Marcas de xénero. Lexemas diferentes.

3.1.1.3. Número: singular, dual, plural.

3.1.1.3.1. Plural regular e irregulares máis frecuentes. الجمع السالم وجمع التكسير: الأوزان الأكثر استعمالاً.

3.1.1.3.2. Plural regular e dual determinados por anexión. إضافة جمع مذكر سالم ومثنى

3.1.1.4. Caso. Nominativo, acusativo, xenitivo. المرفوع، المنصوب، المجرور

3.1.1.5. Grao: diminutivo. وزن التصغير

3.1.2. Pronomes persoais illados. الضمائر المنفصلة.

3.1.3. Demostrativos. أسماء الإشارة.

3.1.4. Indefinidos de persoa e cousa. أحد / إحدى، لا أحد، شيء، شيء ما، لا شيء

3.1.5. Relativos. الاسم الموصول

3.1.6. Interrogativos. أسماء الاستفهام: من، ما / ماذا، كيف، أين، كم، أي، متى

3.2. Modificación do núcleo

3.2.1. Determinantes

3.2.1.1. Artigo. لم التعريف

3.2.1.2. Demostrativos. أسماء الإشارة

3.2.1.3. Posesivos. الضمائر المتصلة بالاسم

3.2.1.4. Numerais (cardinais e ordinais). Outros cuantificadores.

أسماء العدد وأسماء أخرى تدل على الكمية: بعض، كل، نصف، كثير من / قليل من

3.2.2. Modificación mediante outros substantivos. الإضافة

3.2.3. Modificación mediante sintagma adxetival. النعت والمنعوت

- 5.1.1.3.4. Posibilidade. Perífrase: يمكن + ضمير متصل + أن ، ممكن أن ، بإمكان + ضمير متصل أن
- 5.1.1.3.5. Prohibición. ممنوع أن النهي. Perífrasis: ممنوع أن
- 5.1.1.3.6. Intención. سوف + المضارع المرفوع سد / سوف
- 5.1.1.3.7. Vontade, desexo. يريد/ يود / يئمني / يرجو أن
- 5.1.1.3.8. Dúvida / Probabilidade. قد + المضارع
- 5.2. Modificación do núcleo
- 5.2.1. Negación
- 5.2.1.1. Negación do presente. لا + المضارع المرفوع
- 5.2.1.2. Negación do pasado. ما + الفعل الماضي / لم + الفعل المضارع المجزوم
- 5.2.1.3. Negación do futuro. لن + المضارع المنصوب
- 5.2.2. Partículas que modifican o verbo. حروف تدخل على الفعل
- 5.2.2.1. Introdutoras de imperfectivo subxuntivo. لن ، حتى ، كي ، ل ، حتى ، لن
- 5.2.2.2. Introdutoras do imperfectivo apocopado. حروف تجزم الفعل المضارع: لم
- 5.3. Posición dos elementos do sintagma
- 5.3.1. (Partícula) + N.
- 5.3.2. N. (+Sux.) (+O.D.) (+O.D.) (+C.C.) (مفعول / مفعولان به) + (مفعول فيه)
- 5.3.3. C.C. + N. (+ Sux.) (+O.D.) (+O.D.) (مفعول / مفعولان به) + (فاعل) + (فاعل) + (مفعول فيه)
- 5.4. Función sintáctica do sintagma
- 5.4.1. Sucesso. Obxecto directo. Atributo. الخبر. الجملة الفعلية تحل محل الفاعل / المفعول به / الخبر

6. O ADVERBIO

- 6.1. Núcleo.
- 6.1.1. Adverbio
- 6.1.1.1. Clases
- 6.1.1.1.1. Adverbios de lugar. ظروف المكان : أمام، خلف، فوق، تحت، قرب
- 6.1.1.1.2. Adverbios de tempo. ظروف الزمان : قبل، بعد، الآن، غد
- 6.1.1.1.3. Locucións adverbiais. من وراء
- 6.1.1.1.4. Substant. / Adxect. Adverbializados: صباحا / قريبا
- 6.2. Funcións sintácticas do adverbio
- 6.2.1. Complemento circunstancial de lugar ou tempo. الظرف مفعول فيه
- 6.2.2. Atributo. الظرف خبر

7. O SINTAGMA PREPOSICIONAL

- 7.1. Núcleo
- 7.1.1. Preposicións . حروف الجر
- 7.1.1.1. Locucións preposicionais. إلى جانب ، من فوق ، في وسط
- 7.2. Posición dos elementos do sintagma
- 7.2.1. N + Subst./ Pronome / Adv. (ضمير متصل)/(ظرف) / جر + (اسم)
- 7.3. Funcións sintácticas do sintagma
- 7.3.1. Atrib. مجرور. C. Circ. مفعول به (الفعل المتعدي بحرف) . الخبر: جر + مجرور

C. CONTIDOS FONÉTICOS, FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA

- 1.1. Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións
- 1.1.1. Vogais. Breves e longas
- 1.1.2. Semivogais.
- 1.1.3. Combinacións / Ditongos.
- 1.2. Sons e fonemas consonánticos
- 1.2.1. Consoantes. Lugar e modo de articulación.
- 1.2.1.1. Dobre consoante.
- 1.3. Procesos fonolóxicos
- 1.3.1. Elisión.
- 1.3.1.1. Vogais breves finais.
- 1.3.1.2. Morfema de indeterminación: نون التنوين
- 1.3.1.3. Morfema de feminino: تاء مربوطة
- 1.3.1.4. Elisión inversa.
- 1.3.1.4.1. Artigo. ألف وصلة

- 1.3.1.4.2. Prefixos eufónicos de perfectivo e imperativo. ا : إنكسر / أ : أكتب
- 1.3.1.4.3. Nomes especiais: ابن ، امرأة
- 1.3.2. Assimilación.
- 1.3.2.1. Artigo + Consoantes solares. ال + الحروف الشمسية
- 1.3.2.2. Vocalización pronore enclítico. ه / ه : مع والده ، إليه
- 1.4. Acento fónico dos elementos léxicos illados.
- 1.4.1. Palabras sen vogais longas.
- 1.4.2. Palabras con vogais longas.
- 1.5. Patróns tonais.
- 1.5.1. Patróns tonais no sintagma.
- 1.5.1.1. Conexión entre os constituíntes do sintagma. كتاب المدرس
- 1.5.2. Patróns tonais na oración.
- 1.5.2.1. Diferenciación entre sintagmas dentro da oración. منزلك بالقاهرة

2. ORTOGRAFÍA

- 2.1. Sistema de escritura: o alfabeto.
- 2.2. Representación gráfica de fonemas e sons.
- 2.2.1. Consoantes e vogais longas.
- 2.2.1.1. Iniciais, medios e finais.
- 2.2.2. Grafemas auxiliares.
- 2.2.2.1. Fonema | ' | . الهزمة
- 2.2.2.2. Vogais breves. الحركات
- 2.2.2.3. Ausencia de vogal: السكون
- 2.2.2.4. Morfema de indeterminación: التنوين
- 2.2.2.5. Consoante dobre: الشدة
- 2.2.2.6. Elisión inversa: ألف وصل
- 2.2.3. Grafías especiais:
- 2.2.3.1. Lām alif. لا
- 2.2.3.2. Alif madda. ألف مده : آ
- 2.2.3.3. Tā' marbūta. تاء مربوطة : ة
- 2.2.3.4. Alif maqsūra. ألف مقصورة : ي
- 2.2.4. Cambios gráficos.
- 2.2.4.1. Palabras que cambian ao lles pór artigo. امرأة / المرأة
- 2.2.4.2. Cen. مائة
- 2.3. Representación dos números.
- 2.4. Estrutura silábica.
- 2.4.1. Sílaba breve: consoante + vogal
- 2.4.2. Sílaba longa: consoante + vogal + consoante / consoante + vogal longa + consoante».

Na páxina 784, no anexo, no punto correspondente a español para estranxeiros, onde di: «1.1.1.3. OI en posición inicial.», debe dicir: «1.1.1.3. OI/OD en posición inicial.»; detrás do punto «1.1.1.5. Posición da negación», debe aparecer un punto «1.1.1.6. Formas elípticas»; onde di: «2.1.1. Conxunción: *y, ni, que.*», debe dicir: «2.1.1. Conxunción: *y/e, ni, que.*»; e onde di: «2.1.2. Disxunción: *o.*», debe dicir: «2.1.2. Disxunción: *o/u.*».

Nas páxinas 804 e 805, no anexo, no punto correspondente a italiano, onde di: «1.1. Tipos de oración, elementos constituintes e a súa posición», debe dicir: «1.1. Tipos de oración»; onde di: «1.1.1. Oración declarativa: 1.1.1.1. Sux. en posición inicial. Sux. elíptico.; 1.1.1.2. OD/OI en posición inicial; 1.1.1.3. V en posición inicial; 1.1.1.4. CC en posición inicial; 1.1.1.5. Posición da negación; 1.1.1.6. Proformas oracionais», debe dicir: «1.1.1. Oración declarativa»; onde di: «1.1.2. Oración interrogativa: 1.1.2.1. Oración declarativa con marcas interrogativas; 1.1.2.2. Elemento interrogativo en posición inicial», debe dicir: «1.1.2. Oración interrogativa»; onde di: «1.1.3. Oración exclamativa: 1.1.3.1. Oración declarativa con marcas exclamativas; 1.1.3.2. Elemento exclamativo en posición inicial; 1.1.3.3. Proformas oracionais», debe dicir: «1.1.3. Oración exclamativa»; onde di: « 1.1.4. Oración imperativa: 1.1.4.1. (Neg.+V)(+Atrib/OD)(+CC); 1.1.4.2. CC», debe dicir: « 1.1.4. Oración imperativa»; e onde di: « 1.2. Fenómenos de concordancia», debe dicir: «1.2. Elementos constituintes da oración e a súa posición: 1.2.1. V. Posición de Sux., OD, OI, CR, Atr. e CC respecto de V.». Débense engadir dous puntos: «1.3. A negación» e «1.4. Fenómenos de concordancia: Sux. / OD (clíticos 3.^a p.) ⇔ V; Sux. ⇔ Atrib.».

Na páxina 806, no anexo, no punto correspondente a italiano, onde di: «5.1.2.2. Contraste incoativo/terminativo: *cominciare a / finire di*; pret. perf. de ind.», debe dicir «5.1.2.2. Contraste incoativo /terminativo: pret. perf. composto e fut. simple de *ind., cominciare a / finire di + Inf.*»; onde di: « 5.1.3.1. Factualidade: indicativo.», debe dicir: «5.1.3.1. Factualidade: pres. e pret. perf. composto de ind.; V factivos (*sapere + inf.*)»; onde di: « 5.1.3.6. Posibilidade: *essere sicuro + ind.; potere, dovere + Inf.; V de opinión.*», debe dicir: «5.1.3.6. Posibilidade: *essere sicuro +ind.; potere, dovere +Inf.; V copulativo (*sembrare, parere*) + Adx.; V de opinión, dúbida, crenza + pres. subx.»; e onde di: «5.1.3.8. Intención: *avere intenzione/voglia di, pensare/andare di + Inf.; V volitivos.*», debe dicir: «5.1.3.8. Intención: V volitivos + N / pres. subx.; imperativo; condicional simple; imperf. e fut. simple de ind.; *avere intenzione, avere voglia, pensare, andare + di +Inf.*».*

Na páxina 816, no anexo, no punto correspondente a romanés, onde di: « 1.1.1.1. (Sux.+V); (V+)Sux.; Sux.+OI1 +V+CN+OI2 (+CC)», debe dicir: «1.1.1.1. (Sux.+V); (V+)Sux.; Sux.+OI1 +V+CN+OI2 (+OD); Sux.+ CN1+CN2+V+CC; etc.»; e onde di: « 1.1.2.1. Total: Sux.+V; V+Sux.; V», debe dicir: «1.1.2.1. Total: Sux.+V; V+Sux.; V; OI1+OI2+V; etc.».

Na páxina 817, no anexo, no punto correspondente a romanés, onde di: «3.3.1. Det.+N; N+Det.; N+Det.+ Art. adx.+ SAdx.», debe dicir: «3.3.1. Det.+N; N+Det.; N+Det.+ Art. adx.+ SAdx., etc.»; onde di: «4.3.1. SAdv.+N; N+Adx. participial: SAdv.+Prep.+N», debe dicir: «4.3.1. SAdv.+N; N+Adx. participial: SAdv.+Prep.+N»; e onde di: «5.1.3.7. Prohibición: fórmulas de permiso negativas, imperativo e subx. Negativos», debe dicir: «5.1.3.7. Prohibición: fórmulas de permiso negativas, imperativo e subx. negativos»

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

17112 *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais. («BOE» 248, do 17-10-2005.)*

Advertidas erratas Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 1 de xullo de 2005 (corrección de erros publicada no «Boletín Oficial do Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de setembro de 2005), procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1033, segunda columna, no undécimo parágrafo do preámbulo, segunda liña, onde di: «... comprende os artigos 58 a 60...», debe dicir: «...comprende os artigos 59 a 61... ».

Na páxina 1033, segunda columna, no undécimo parágrafo do preámbulo, undécima e duodécima liñas, onde di: «... que comprende os artigos 61 e 62 ...», debe dicir: «... que comprende os artigos 62 e 63 ...».

Na páxina 1033, segunda columna, no undécimo parágrafo do preámbulo, penúltima liña, onde di: «... que comprende os artigos 63 a 67...», debe dicir: «...que comprende os artigos 64 a 68 ...».

Na páxina 1034, segunda columna, no número 3 do artigo 60, onde di: «...no artigo 62.2...», debe dicir: «...no artigo 63.3...».

Na páxina 1034, segunda columna, no número 4 do artigo 60, onde di: «ou se incumpran as obrigas previstas no artigo 62.», debe dicir: «...ou se incumpran os deberes previstos no artigo 63.».

Na páxina 1035, primeira columna, no artigo 62.1.b), onde di: «...obriga establecida no artigo 62.1.d)», debe dicir: «...obriga establecida no artigo 63.2.b)».

Na páxina 1035, primeira columna, no artigo 63.1.b), onde di: «...a que se refire o artigo 63.3...», debe dicir: «...a que se refire o artigo 64.3...».

Na páxina 1035, segunda columna, no artigo 64.1, quinta liña, onde di: «... ao previsto no artigo 60.2 ...», debe dicir: «... ao previsto no artigo 61.2 ...».

Na páxina 1035, segunda columna, no artículo 64.1, segundo parágrafo, onde di: «... o artigo 62.1.b)», debe dicir: «... o artigo 63.1.b)».

Na páxina 1036, segunda columna, artigo 65.2.d), onde di: «... conforme o artigo 60 ...», debe dicir: «... conforme o artigo 61 ...».